



ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR Á ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 QUE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN

ADECUACIÓN PROGRAMACIÓN DOS DEPARTAMENTOS (Actividades de apoio, reforzo e recuperación / actividades de ampliación / instrumentos e criterios de cualificación)

(segundo art. 7 da citada ORDE)

Ver addendas dos respectivos departamentos na web do centro.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN (segundo art. 8 da citada ORDE)

Superar todas as materias ou ámbitos cursados, **ou ter avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

No caso de ter máis de dúas suspensas, o equipo docente poderá decidir a promoción sempre que se cumpran as **condicións seguintes de xeito simultáneo**:

- 1) **Media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- 2) Que o *equipo docente considere** que a natureza das materias non superadas lle permite **seguir con éxito o curso seguinte**.
- 3) Que o *equipo docente considere** que ten **expectativas favorables de recuperación**.
- 4) Que o *equipo docente considere** que a devandita promoción **beneficiará a súa evolución académica**.

CRITERIOS DE TITULACIÓN (segundo art. 10 da citada ORDE)

Superar todas as materias ou ámbitos, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

O equipo docente poderá decidir a obtención do título sempre que se cumpran as **condicións seguintes de xeito simultáneo**:

- 1) **Media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
- 2) Que *a xuízo do equipo docente** que o alumno/a **adquirise as competencias** establecidas.
- 3) Que *a xuízo do equipo docente** que o alumno/a **alcanzase os obxectivos da etapa**.



*As *decisións serán adoptadas*, na sesión de avaliación final, de *xeito colexiado* polo profesorado que imparte as materias en que estea matriculado/a (atendendo ao logro dos obxectivos, adquisición de competencias e tendo en contas os criterios de promoción e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe). De non existir *unanimidade*, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da *maioría simple* dos seus membros.

* Os *referentes* da avaliación no caso do *alumnado con adaptación curricular* serán os *incluídos na devandita adaptación*, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título segundo os criterios de promoción e titulación establecidos para todo o alumnado.

CRITERIOS DE CONCESIÓN DE MATRÍCULAS DE HONRA (segundo art. 12 da citada ORDE)

Poderán recibir a mención de matrícula de honra un **número máximo** de alumnos/as **igual ao enteiro máis próximo ao 5%** do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

- 1) **Nota media** do cuarto curso **igual ou superior** a nove puntos.
- 2) **Maior nota media** en cuarto curso ata completar o número máximo. En caso de empate **maior número** de materias en cuarto curso con **nota igual a dez**.
- 3) **De persistir o empate** por esta orde: nota media do curso inmediatamente inferior, maior número de materias con notas igual a dez nese curso, así sucesivamente retrocedendo cursos ata desempatar.